

CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O
FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL PARA OS ANOS 2022 E 2023 (CÓDIGO PROCEDEMENTO MT975K)

PREGUNTAS FRECUENTES

1.- ¿Por que deberían as entidades locais aproveitar as oportunidades de financiamento que ofrece esta convocatoria?

Esta convocatoria ten por finalidade poñer ao dispor das entidades locais recursos económicos cos que favorecer o financiamento de proxectos que contribúan á consecución dos **novos obxectivos que deberán alcanzar as entidades locais no ámbito das súas responsabilidades e competencias e que son de obrigado cumprimento a curto prazo.**

Entre os novos obxectivos, a Directiva (UE) 2018/851, do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE contempla:

- No que respecta aos obxectivos de preparación para a reutilización e reciclado de residuos municipais, fixéronse obxectivos ambiciosos para o medio e longo prazo: 55 % para 2025, 60% para 2030 e 65% para 2035.
- Incluíuse a obrigatoriedade para os Estados Membros de asegurar a recollida separada de biorresiduos (ben separando e reciclandos e orixe, ou ben recollendoos de forma separada e sen mesturalos con outros tipos de residuos), como moi tarde o 31 de decembro de 2023, para o seu tratamento.
- Así mesmo, a nova directiva que revisa o Directiva Marco de Residuos inclúe tamén a obrigatoriedade da recollida separada de residuos téxtiles e dos residuos perigosos de orixe doméstica como moi tarde o 1 de xaneiro de 2025.

2.- Cal é o procedemento de concesión para estas axudas?

Segundo o establecido no artigo 10 das bases reguladoras o procedemento que se empregará para a concesión das axudas será o de **concorrenza non competitiva** contemplado no artigo 19, apartado 2º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Isto é, que todos os concellos que cumpran os requisitos sinalados na Orde poderán obter a subvención solicitada en función dos criterios de reparto establecidos nesta.

3.- Cales son as liñas subvencionables desta convocatoria?

Liña 1. Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia).

Liña 2. Proxectos de separación e reciclado en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in-situ).

4.- Que concellos poden solicitar esta axuda?

Poderán ser beneficiarias as entidades locais municipais e supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia, que cumpran os requisitos establecidos no artigo 2.1 para cada unha das liñas subvencionables. Pódese consultar no anexo I do presente documento a relación de concellos que cumpren os requisitos sinalados e que poden obter esta subvención.

4.1.- Poden solicitar a subvención unha agrupación formada por concellos que se atopan en diferentes situacións, é dicir, que non exista a implantación nuns e que noutros concellos só a teñan implantada en parte do seu territorio?

Non habería ningún problema, pero todos os concellos que integre a agrupación voluntaria deben cumprir os requisitos, condicións, obrigas e compromisos establecidos nesta orde.

5.- Pode unha entidade local de menos de 3.000 habitantes solicitar a subvención para proxectos de implantación de compostaxe comunitaria se se agrupa con outra entidade local que teña igual ou máis de 3.000 habitantes?

Non, as entidades locais deberán cumprir de maneira individual os requisitos establecidos no artigo 2 da orde. Non obstante, para os proxectos de implantación de compostaxe comunitaria os concellos de menos de 3.000 habitantes poderán obter unha axuda no caso de que non se esgote o crédito coas solicitudes dos beneficiarios potenciais previstos de acordo aos requisitos sinalados na orde.

5.- Os concellos urbanos e os concellos de menos de 3.000 habitantes que poderán recibir axuda no caso de que quede crédito sen gastar da liña 2, deberán de cumprir os requisitos establecidos no artigo 2.1? Deben presentar a solicitude no prazo establecido na orde?

Si, deberán cumprir os requisitos establecidos, e deberán presentar as solicitudes no mesmo prazo establecido.

6.- Pode unha entidade local cualificada como urbana, segundo o índice de ruralidade establecido no PXRUG 2010-2022 solicitar a subvención para a implantación da compostaxe doméstica?

En caso de estar interesada na implantación da compostaxe doméstica, unha entidade cualificada como urbana, pode presentar solicitude, máis a concesión da subvención estará supeditada á disposición de crédito na **líña 2, unha vez determinados os importes a conceder para as entidades que cumpren todos os requisitos establecidos na orde.**

7.-Pódese ter implantada a recollida separada de biorresiduos no concello e solicitar a subvención?

No caso da **líña 1 quedan excluídas** da posibilidade de financiamento as entidades locais que xa teñan implantada a recollida separada de biorresiduos en todo o seu territorio con destino a instalacións específicas de tratamento biolóxico. Polo tanto si poderán solicitar axuda aquelas entidades locais que non teñan implantada a recollida separada en todo o seu territorio.

8.- Pode optar unha mesma entidade local a máis dunha subvención ao amparo desta convocatoria?

Si, segundo o establecido nas bases reguladoras **é posible** que una mesma entidade local concorra a esta convocatoria de maneira simultánea para as dúas liñas subvencionables a que se refire o artigo 1, **pero se o proxecto ou proxectos para os que solicite a subvención pertencen a liñas subvencionables distintas** deberán presentar unha solicitude por cada liña (Anexo I).

O que **non é posible** é que unha entidade local concorra á convocatoria de maneira simultánea e para a mesma actuación de maneira individual e a través da entidade supramunicipal ou agrupación na que se integre (art. 2.3 das bases reguladoras).

8.1.- Unha entidade local que concorra ás dúas liñas subvencionables poderá distribuír a axuda económica total da forma que mellor se adapte ás súas necesidades?

Si, pero deberá facelo no momento de presentación da solicitude. Terá que presentar un Anexo I para cada liña indicando os importes (sen IVE) que solicita para cada unha das dúas liñas.

9.- Que subvencións previas son tidas en conta?

Ver anexo VII da Orde ou o anexo II deste documento.

10.- Cal sería a porcentaxe máxima subvencionada?

O financiamento máximo outorgado para as actuacións reguladas nesta orde de axudas non excederá o **90% do custo total do proxecto**. A porcentaxe restante, será asumida polo beneficiario/a e será compatible co financiamento que os beneficiarios poidan recibir doutras administracións, sempre e cando non supere o custo total do proxecto a financiar.

O financiamento achegado **non é compatible** cos Proxectos Clima, promovidos a través do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable (FES-CO2).

11.- As cantidades a subvencionar nesta orde son con IVE ou sen IVE?

Os importes máximos considerados ao abeiro desta Orde son importes **SEN IVE** xa que segundo se indica no artigo 4.2.b **non será un gasto subvencionable o imposto sobre o valor engadido**. Será a entidade beneficiaria da axuda a que teña que soportar directamete o importe sobre o valor engadido (IVE).

11.1.- Entón á hora de cumprimentar os anexos que importe se debe indicar?

Sempre se deben indicar todos os importes sen IVE, así por exemplo cando indiquen o importe total do proxecto a este débesele descontar o IVE.

12.- Pódense subvencionar os custos do servizo de recollida selectiva ou tratamento dos residuos?

Ao abeiro desta orde **non se consideran conceptos subvencionables** os custos do servizo de recollida selectiva, o tratamento dos residuos así como tampouco os custos de mantemento nin os alugueres. Os conceptos financiáveis aparecen recollidos no artigo 3.

13.- Establécese un prazo nesta orde para ter implantado a recollida separada e/ou compostaxe ins situ dos biorresiduos?

As entidades locais que opten a estas subvencións adquirirán o **compromiso** firme de implantar a recollida separada e/ou a compostaxe in-situ dos biorresiduos, segundo a axuda concedida, **como máximo antes do 30 de novembro de 2023**.

13.1.- Cal é o prazo de execución (período subvencionable) dos proxectos subvencionados ao amparo desta orde?

O artigo 18 establece que o período subvencionable será, con carácter xeral, o comprendido entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de novembro de 2023, ambos incluídos, ben que condicionado ao exercicio orzamentario ao que se queira imputar e tendo en conta as datas límite para a súa xustificación segundo o sinalado neste mesmo artigo.

Non serán subvencionables os proxectos concluídos materialmente na data de presentación da solicitude. Entenderase que un proxecto está concluído materialmente cando estea implantado e en funcionamento.

13.2.- Cal é a data límite para presentar a documentación xustificativa?

En función do exercicio orzamentario ao que corresponda, establécense dúas datas límite:

a) O 30 de novembro de 2022 para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade 2022. Incluíranse neste orzamento as actuacións executadas entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de novembro de 2022, se é o caso.

b) O 30 de novembro de 2023 para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade 2023.

13.3.- En canto aos contratos menores, que documentación teñen que presentar as EELL no momento da xustificación?, e para os contratos maiores?

Se ben é certo que no artigo 20 non se indica nada ao respecto, indicar que se deberán presentar as tres ofertas que con carácter previo á contratación as EELL beneficiarias deberán de solicitar segundo establece o artigo 4.3. da orde.

Sinalar que para os contratos maiores as EELL teñen que presentar unha certificación expedida pola secretaría, na que se acredite que se respectaron os procedementos de contratación pública e se faga constar a aprobación por parte do órgano competente da conta xustificativa da subvención.

14.- Existe algún tipo de incompatibilidade se o concello que solicita esta axuda foi beneficiario de axudas anteriores?

No caso da **liña 1** as entidades locais que percibiron axudas previas para este tipo de recollida separada, pero que aínda poden complementala, detraeráselle do importe da axuda máxima prevista o importe da subvención adxudicada en convocatorias previas. As convocatorias de axudas e/ou subvencións precedentes que se consideran para a detracción dos importes correspondentes, ás entidades locais beneficiarias, recóllense no anexo VII desta orde.

No caso da **liña 2** das entidades locais que percibiron axudas previas para este tipo de proxectos de compostaxe in-situ, pero que aínda poden complementala, detraeráselle do importe da axuda máxima prevista o importe da subvención adxudicada en convocatorias previas. As convocatorias de axudas e/ou subvencións precedentes que se consideran para a detracción dos importes correspondentes, ás entidades locais beneficiarias, recóllense no anexo VII desta orde.

15.- A orde de subvencións contempla o pago de anticipos?

Si, o artigo 21 da Orde prevé a posibilidade de que as entidades que resulten beneficiarias soliciten o pago anticipado de ata o 50 % do importe de subvención concedido.

As entidades beneficiarias que queiran acollerse á modalidade de pagamento anticipado, deberán manifestalo expresamente no prazo máximo de 10 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación da resolución de concesión, mediante a presentación da correspondente solicitude de pagamento anticipado, empregando o modelo que se incorpora como anexo VI e dispoñible na Sede electrónica (MT975K).

16.- Na orde menciónase que será necesario indicar os datos do Responsable Técnico do Concello, refírese a persoa de contacto ou o técnico responsable do proxecto?

Refírese ao técnico do concello ou entidade local co que teríamos que contactar para o caso que fose preciso, non tanto á persoa con coñecementos técnicos respecto do propio proxecto coa que debería contactar o técnico ou persoa responsable da entidade local coa que nós nos comuniquemos.

17.- Onde debo presentar a solicitude?

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <http://sede.xunta.gal> (Código de procedemento MT975K).

O órgano responsable é a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

18.- Cal é o prazo de presentación?

O prazo de presentación de solicitudes será desde o **15 de decembro de 2021 ata o 31 de xaneiro de 2022, ambos incluídos.**

19.- Que documentación debo presentar?

O Anexo I (formulario da solicitude) onde se indicarán as actuacións e conceptos subvencionables aos que concorren nesta convocatoria, así como o investimento (sen IVE) e a temporalidade de execución previstos, este anexo debe completarse coa documentación sinalada no artigo 7 da Orde:

- Acreditación do nomeamento da persoa representante para as súas relacións coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- Anexo II. Certificación do/da secretario/a do concello en que conste o acordo adoptado polo órgano competente e que recolla a decisión da entidade ou entidades locais polo cal se aproba a súa participación nesta convocatoria. Certificación de que a entidade solicitante remitiu ao Consello de Contas de Galicia as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigada.
- Declaración responsable en que se faga constar que se dispón de crédito suficiente no orzamento da entidade local para o pagamento da parte proposta para o cofinanciamento pola súa parte, no suposto de que a entidade local achegue fondos ao proxecto/actividade/actuación para a que se solicita subvención.
- Anexo III. Declaración, por parte da entidade solicitante, do compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).

19.1.- Quen ten que presentar a declaración responsable na que se faga constar que se dispón de crédito suficiente no orzamento da entidade local para o pagamento?

Tendo en conta que o importe máximo da axuda non será superior ao 90% do custo total do proxecto, todos os concellos deberán facerse cargo do 10% restante do orzamento do proxecto (ademais do IVE), polo que todos os concellos deberán de presentar a declaración responsable sinalando que dispoñen de orzamento para sufragar esa contía.

20.- Se opto ás dúas liñas de actuación contempladas na orde, debo presentar na sede electrónica dúas solicitudes (unha para cada liña), e non unha única subvención coas dúas liñas?

Si, para o caso que a súa entidade local queira pedir máis dunha subvención para proxectos que estean englobados na liña 1 ou na liña 2 deberá presentar solicitudes independentes.

21.- Cal debe ser o contido mínimo da memoria?

Non teñen que presentar memoria do proxecto ou actuación no momento da solicitude, pero si unha vez rematada a actuación. Esta memoria deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, na que se identifiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos. No artigo 20 da Orde detállase o contido mínimo desta memoria xustificativa segundo a liña de subvención da que se trate.

22.- É obrigatorio levar a cabo campañas de difusión e sensibilización?

Nesta Orde, en réxime de concorrencia non competitiva, as entidades que soliciten a axuda **non teñen a obriga de realizar campañas de difusión e sensibilización.**

No artigo 3 da Orde sinálanse as campañas de información, difusión e sensibilización como un concepto financiable para a liña 1, e os requisitos que deben cumprir no caso de que se queiran realizar. Ao igual que para a liña 2 se sinalan actuacións de formación, difusión, carteis explicativos como conceptos financiáveis e os requisitos a cumprir se se deciden levar a cabo.

23.- Podería solicitarse a axuda unicamente para a realización dunha campaña de información?

Si se podería, pero só se as campañas de sensibilización son para proxectos de mellora da recollida selectiva, posto que nestes casos a recollida separada xa estaría implantada e a campaña debería de contribuír a esa mellora. Na redacción da memoria do proxecto

que se terá que presentar na fase de xustificación deberá explicarse a mellora que supuxo para o proxecto, debendo presentar un indicador que corrobore dita mellora.

24.- E se teño algunha dúbida acerca desta convocatoria, onde debo dirixirme?

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pon ao dispor dos interesados a seguinte dirección de correo electrónico: axudas.cmaot@xunta.gal

Todas as consultas deberán dirixirse a este enderezo e serán contestadas por correo electrónico. Así mesmo, irase actualizando o documento de preguntas frecuentes que estará publicado na páxina web do SIRGa.

PREGUNTAS REALIZADAS NA XORNADA TÉCNICA SOBRE AS ORDES DE AXUDA:

1. En referencia ao artigo 5.4 da orde no que indica a posibilidade de distribuír o orzamento preasignado entre liñas en base á situación de partida do Concello, esta redistribución debe manter unha porcentaxe mínima de orzamento en cada liña?

Aínda que non existe unha porcentaxe mínima, a dita distribución de importes entre as dúas liñas non pode deixar sen contido a ningunha delas. De tal maneira, non pode ser que a solicitude para unha desas liñas sexa unha mera escusa para poder traspasar todo o seu importe á outra. Ademais, a dita decisión debe facerse no momento da solicitude e non con posterioridade á concesión da axuda.

2. Se un concello ten asignado importe para a liña 1 pero non para a liña 2, pódese solicitar unha transferencia de crédito da liña 1 a 2?

Neste caso non se podería facer ningunha transferencia de crédito xa que para a liña 2 non ten crédito. Só se pode facer esa transferencia no caso de que o concello teña estimado importe para as dúas liñas.

3. Poderíanse transferir entre liñas os 30.000€ que se corresponden ao custe do camión?

Non. O financiamento do camión considérase unha dotación complementaria que só se pode investir na adquisición do mesmo, polo que ese importe non é transferible á liña 2.

4. Implantar a recollida selectiva refírese a implantala no 100% da poboación?

Ao abeiro deste orde de axudas, non é necesario que se solicite a axuda para a implantación en todo o territorio do concello. A entidade solicitante deberá decidir a que porcentaxe da poboación quere destinar o proxecto, en función do modelo de xestión que mellor se axuste ás súas características. A asignación económica por habitante contemplada nesta orde debe considerarse meramente como unha axuda para fomentar a devandita implantación; é dicir, que estes importes non son necesariamente equivalentes para dar plena cobertura ás necesidades reais de cada concello e o concello pode solicitar a cuantía máxima aínda que non sexa para atender a totalidade da poboación. Non obstante, nos proxectos/memorias que se presenten durante a fase de xustificación da subvención, deberá especificarse a poboación atendida.

O concello debe ter en conta que, con independencia da contía destas axudas, é a súa responsabilidade cumprir cos obxectivos de valoración marcados nas normativas

[DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO](#)

[CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA](#)

[San Lázaro, s/n,](#)

[15781 Santiago de Compostela](#)

comunitarias. Isto é, as entidades locais deberán instaurar antes do 31 de decembro de 2023 a recollida separada (ou separación e reciclado en orixe) dos biorresiduos, sen que estes se mesturen con outros tipos de residuos. Esta obriga abarca a toda a poboación.

5. Que se consideran "actuacións" no artigo 2.3? Serían o mesmo que "conceptos financiáveis"? É dicir, un concello podería pedir a subvención de forma individual, para biotrituradores na Liña 1 e ó mesmo tempo podería solicitar coa Mancomunidade a adquisición de contedores?

As actuacións non son o mesmo que os conceptos financiáveis. As actuacións son as liñas subvencionables.

6. No caso de concellos pequenos e dispersos, como se avalía que non sexa viable o 5º contedor e só se poida implementar a compostaxe in situ?

Os concellos, como entidades locais, son quen ostentan as competencias en materia de xestión dos residuos municipais, polo que deberán analizar o modelo de xestión que mellor se adapte ás características da súa poboación e territorio e implementar a modalidade que dea resposta ás súas necesidades para dar cumprimento ás esixencias da normativa comunitaria.

7. Un concello de menos de 3.000 habitantes podería solicitar axuda para compostaxe comunitaria, por se acaso quedase crédito dispoñible ou quedaría xa excluído se o solicita.

Si, pode presentar a solicitude da axuda no prazo establecido, e, no caso de que quede crédito para esta liña, unha vez atendidas as solicitudes dos concellos que cumpren o requisitos, poderá optar á axuda.

8. Pode un concello solicitar de forma independente pola liña 2 e a través dunha Mancomunidade pola liña 1 ou viceversa?

Pode presentar a solicitude independente sempre e cando sexa para unha actuación (liña) diferente á que se solicite a través da Mancomunidade.

9. Como se calcula o custe do proxecto?

O custe do proxecto é o importe total que haberá que pagar para levar a cabo a actuación. A orde de axudas financiará ata o 90% do custo total do proxecto (sen IVE), polo que tanto o 10% restante, máis o IVE do total, correrá a cargo da entidade beneficiaria.

Isto é: 90% subvencionado + 10% cofinanciado pola entidade solicitante + 21% IVE a cargo da entidade solicitante.

10. Que documentación debe presentar unha Mancomunidade?

As Mancomunidades deben presentar a documentación sinalada no artigo 7.1 f), a excepción do punto 1º, a documentación xustificativa da persoa ou entidade local designada para actuar como representante para formular a solicitude presentada.

11. Cal é o motivo de que nas táboas, no cadro de axuda detraída, non apareza a cantidade? Por que hai concellos que non teñen cantidade asignada?

A axuda detraída pode extraerse da diferenza entre as dúas últimas columnas das táboas. Os concellos que non teñen cantidade asignada son aqueles que obtiveron axudas previas por importe superior ao que lles correspondería segundo os importes máximos considerados na orde de axudas.

12. Existe unha previsión en canto a datas da posta en marcha das plantas de compostaxe e transferencia ao longo de territorio?

O obxectivo da Xunta e de SOGAMA é apoiar ás Entidades Locais cara a garantir o cumprimento das directrices fixadas por Europa en materia de reciclaxe e implantación da recollida separada dos biorresiduos a través da creación dunha rede de infraestruturas para garantir a súa correcta xestión e tratamento na Comunidade a finais de decembro de 2022.

13. É subvencionable o contrato de software de GPS no prazo de 01-01-2022 ata o 31-12-2022?

Non é un concepto subvencionable.

14. Aínda que estean adscritos a distintas plantas de transferencia, poden os concellos solicitar as axudas de forma conxunta ou a través da Mancomunidade?

Si. Os concellos pódense agrupar independentemente da planta de transferencia que teñan asignada.

15. Como se valora o grado de implantación dunha liña? en nº de contedores/habitante? nº de kg recollidos/hab?

O grao de implantación valorarase en función da poboación atendida por cada modelo de xestión dos biorresiduos.

16. En relación á liña 2 de compostaxe doméstica ou comunitaria: é obrigatorio solicitar a axuda para as dúas anualidades? O importe máximo que corresponde a cada concello, é para cada anualidade ou para as dúas anualidades? En caso de solicitar para as dúas anualidades, pódense solicitar os mesmos conceptos subvencionables na anualidade 2023 ou tamén se poden solicitar diferentes conceptos con respecto á anualidade 2022.

O importe estimado para cada concello que se indica no anexo I deste documento é o importe total que o concello pode recibir como axuda para as dúas anualidades.

Non é obrigatorio solicitar a axuda para as dúas anualidades. Por exemplo, pódese pedir a axuda para executar a contía total que se solicite ao longo do ano 2023 e nada ao longo do ano 2022. Non obstante deberá ter en conta que no caso de querer que se subvencionen as actuacións de seguimento do proxecto (duración mínimo dun ano para a liña 2) deberá contemplar as dúas anualidades.

Os conceptos que se soliciten para as anualidades van depender do programa de implantación do proxecto a realizar, polo que se poderán solicitar os mesmos conceptos ou non. O importante é que eses conceptos, a finais de ano, se poidan xustificar como realizados dentro de ese ano.

17. Hai que presentar as tres ofertas obrigatorias coa formalización da solicitude?

Non. As tres ofertas presentaranse no momento da xustificación da actuación para a cal se resulte beneficiario da axuda.

18. Os 30.000 € para o camión da liña 1, é a maiores do importe máximo que figura para cada concello?

Non. A dotación complementaria para o financiamento do camión xa está incluída nos valores máximos asignados a cada concello (considerando a poboación total de cada entidade).

19. Nas actuacións de formación e seguimento do proxecto en compostaxe in situ, inclúense as actuacións de seguimento a domicilio de composteiros individuais? Sobre isto, a guía que habería que entregar a cada vivenda é para composteiros individuais ou tamén para composteiros comunitarios?

As actuacións de seguimento a domicilio nos proxectos de compostaxe doméstica están contempladas no concepto subvencionable de "Actuacións de formación, difusión e

seguimento do proxecto". Cómpre lembrar que na fase de xustificación hai que xustificar un seguimento do proxecto cunha duración mínima dun ano, polo que para que isto resulte financiable, será preciso contemplar as dúas anualidades.

As guías dirixidas á poboación participante, como actuación de formación e difusión, deberán elaborarse e distribuírse tanto para os proxectos de compostaxe doméstica como de compostaxe comunitaria.

20. Onde se pode consultar a relación dos concellos que cumpren os requisitos contemplados nesta orde de axudas?

No Anexo I do presente documento atópase a relación de concellos e os importes asignados para cada liña de actuación.

21. No concepto subvencionable na liña 1 destinado a sistemas de identificación de usuario e pesada, sería só para contedores na vía pública ou tamén podería entrar dentro da subvención este sistema para a achega dos biorresiduos aos centros de compostaxe comunitaria?

Os sistemas de identificación e pesada son un requisito que se deberán permitir incorporar nos contedores para a vía pública (artigo 3.1 a)) nos que se realice a recollida separada dos biorresiduos. Os sistemas de identificación e pesada non se sinalan como concepto subvencionable dentro da liña 2 (compostaxe in situ) polo que non se consideran subvencionables neste caso.

22. O plan de traballo se refire a que hai que definir as datas nas que se vai instalar os composteiros comunitarios os individuais, as charlas para captar e explicar a veciñanza?

O plan de traballo esixido para o financiamento de actuacións de formación, difusión e seguimento dos proxectos debe contemplar unha planificación das tarefas a realizar, cunha aproximación das datas, duración, e recursos humanos e materias necesarios para cada tarefa/actuación.

23. Vai a haber penalización cunha % concreta de impropios dos biorresiduos recollidos e levados á planta de transferencia? Existe algunha estimación de custe de tratamento por tonelada?

Todo modelo de recollida separada de biorresiduos para o seu tratamento nunha instalación de compostaxe require de maneira primordial unha correcta separación en

orixe, e polo tanto, unha mínima presenza de impropios. No momento en que as instalacións de tratamento estean operativas, estableceranse as condicións de entrega e o custe de tratamento.

24. É imprescindible estar adscrito a unha planta de transferencia? Non se pode enviar a xestores autorizados? Podería cambiarse o punto de entrega en caso de que xurda unha planta máis próxima?

As Entidades Locais poden xestionar os biorresiduos a través de calquera xestor autorizado para o tratamento de residuos de orixe municipal. Poderán subscribir acordos con calquera xestor autorizado segundo as condicións que mellor lle conveñan.

O listado de xestores autorizados para a xestión de fracción orgánica de orixe municipal pode ser consultado ante a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

25. Para a liña 2 de compostaxe doméstica ou comunitaria, pódense solicitar os mesmos conceptos subvencionables na anualidade 2023 que os solicitados na 2022, ou teñen que ser distintos?

Pódense solicitar os mesmos conceptos para as dúas anualidades. A solicitude ten que ir en coherencia co programa de implantación que se vaia a realizar, e marca as accións que a finais de ano teñen que estar realizadas e o concellos en disposición de poder xustificalas, de acordo cos prazos establecidos no artigo 18 da orde de axudas.

26. Hai que enviar memoria ou proxecto coa solicitude?

No momento da solicitude non hai que presentar memoria. Será no momento da xustificación cando se debe presentar a memoria xustificativa da actuación realizada. O contido mínimo desta memoria, así como o resto de documentación a presentar na xustificación, detállase no artigo 20 da orde.

27. No procedemento MT975K, tería algún beneficio financeiro máis dun 10%?

Non, xa que a concesión da axuda rexe polo procedemento de concorrncia non competitiva. Non obstante, debe ter en conta que é unha obriga do concello a ter implantada a recollida separada ou tratamento in situ da fracción orgánica dos residuos municipais antes do 31 de decembro de 2013 coa finalidade de acadar os obxectivos de valorización previstos na normativa comunitaria e, polo tanto, deberá financiar con

medios propios aquelas actuacións que sexan necesarias para o cumprimento das ditas obrigas.

Ademais debe lembrar que a entidade beneficiaria tamén se ten que facer cargo do IVE ao non ser un concepto subvencionable.

28. Na liña 2 da subvención de biorresíduos, en gastos subvencionables, serían subvencionables os composteiros individuais de cociña? Pensados para pisos.

A orde de axudas inclúe como conceptos financiáveis os “Composteiros domésticos”: Composteiros para vivendas unifamiliares con xardín ou horto nos que se depositen e se composten os biorresíduos. Non se establece limitación sobre a colocación destes composteiros.

29. Poderíase aclarar novamente como se deberían cumprimentar todos os apartados das táboas do Anexo I para as de compostaxe (investimento por concepto, custo total, cofinanciamento...)?

Todos os importes que se cumprimenten no Anexo I deberán ser sen IVE. As columnas das táboas cubriranse seguindo as seguintes definicións:

- **Investimento por concepto:** custe unitario (€/ud), sen IVE.
- **Custo total do proxecto:** custe unitario * nº unidades, sen IVE
- **% cofinanciamento:** achega económica por parte da entidade solicitante (%). *Se o concello achega o 10% do custe total do proxecto, nesta columna haberá que cubrir sempre o 10% para cada concepto.*
- **Importe cofinanciamento:** achega económica por parte da entidade solicitante (€). *Se o concello achega o 10% do custe total do proxecto, este valor calcularase: Custe total do proxecto * 0,1.*
- **Subvención solicitada:** custe total – importe cofinanciamento. *Se o concello achega o 10% do custe total do proxecto, este valor calcularase: Custe total do proxecto * 0,9.*

Poñemos a continuación un exemplo: un concello que queira poñer en marcha un proxecto de compostaxe doméstica, para o cal vai adquirir 100 caldeiros domésticos (3 €/ud, sen IVE), 100 composteiros domésticos (50 €/ud sen IVE), 100 aireadores (2 €/ud sen IVE), e unha campaña con 5 charlas formativas e un ano de seguimento que incluiría

3 visitas a domicilio (500 €/charla + 25 €/visita). As charlas e a primeira visita de seguimento no ano 2022 (500*5 + 25*100), e as dúas visitas de seguimento restantes por domicilio no ano 2023 (25*100 + 25*100). O concello cofinanciará o 10% do custe total do proxecto sen IVE, máis o IVE do total.

A táboa de "Resumo de actuacións, importes e anualidades" cúbrese de maneira automática cos importes das táboas das anualidades 2022 e 2023.

As táboas do Anexo I quedarían cubertas da seguinte maneira:

LIÑA 2 - ANUALIDADE 2022					
CONCEPTOS SUBVENCIONABLES	INVESTIMENTO POR CONCEPTO (2022)	CUSTO TOTAL DO PROXECTO (2022)	% COFINANCIAMENTO (2022)	IMPORTE COFINANCIAMENTO (2022)	SUBVENCIÓN SOLICITADA PARA A ANUALIDADE 2022
Caldeiros domésticos de biorresíduos	3	300	10	30	270
Composteiros domésticos	50	5.000	10	500	4.500
Construción de áreas de composteiros comunitarios					
Composteiros comunitarios					
Biotrituradoras					
Aíreadores, termómetros e tamizadoras para a compostaxe doméstica	2	200	10	20	180
Actuacións de formación, difusión e seguimento do proxecto	5.000	5.000	10	500	4.500
Carteis explicativos nas áreas de compostaxe comunitaria					

LIÑA 2 - ANUALIDADE 2023					
CONCEPTOS SUBVENCIONABLES	INVESTIMENTO POR CONCEPTO (2023)	CUSTO TOTAL DO PROXECTO (2023)	% COFINANCIAMENTO (2023)	IMPORTE COFINANCIAMENTO (2023)	SUBVENCIÓN SOLICITADA PARA A ANUALIDADE 2023
Caldeiros domésticos de biorresíduos					
Composteiros domésticos					
Construción de áreas de composteiros comunitarios					
Composteiros comunitarios					
Biotrituradoras					
Aíreadores, termómetros e tamizadoras para a compostaxe doméstica					
Actuacións de formación, difusión e seguimento do proxecto	5.000	5.000	10	500	4.500
Carteis explicativos nas áreas de compostaxe comunitaria					

RESUMO DE ACTUACIÓNS, IMPORTES E ANUALIDADES						
	ANUALIDADE 2022		ANUALIDADE 2023		TOTAL ANUALIDADES	
	SUBVENCIÓN SOLICITADA	IMPORTE COFINANCIAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	IMPORTE COFINANCIAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	IMPORTE COFINANCIAMENTO
LIÑA 1: PROXECTOS DE IMPLANTACIÓN OU AMPLIACIÓN DA RECOLLIDA SEPARADA DE BIORRESÍDUOS DESTINADOS A INSTALACIÓNES ESPECÍFICAS DE TRATAMENTO BIOLÓXICO (COMPOSTAXE E/OU DIXESTIÓN ANAEROBIA)						
LIÑA 2: PROXECTOS DE SEPARACIÓN E RECICLADO EN ORIXE DE BIORRESÍDUOS MEDIANTE A SÚA COMPOSTAXE DOMÉSTICA OU COMUNITARIA (COMPOSTAXE IN-SITU)	9.450	1.050	4.500	500	13.950	1.550
TOTAL ACTUACIÓNES:					13.950	1.550

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario solo podrá presentarse en <https://sede.xunta.es> las formas previstas en su norma reguladora.

30. Pode un concello de estrutura poboacional dispersa implantar un punto de compostaxe comunitaria onde os peóns municipais recollen porta a porta o biorresiduo e o levan ao punto de compostaxe comunitaria de titularidade municipal onde os peóns fagan o proceso de xestión dos composteiros comunitarios? Independentemente da axuda, podería facelo?

Neste caso, a actuación descrita habería que considerala como unha instalación de compostaxe, xa que non serían os propios usuarios quen depositarían os biorresiduos, polo que sería necesario que contase coa correspondente autorización de xestión de biorresiduos e por tanto, non entraría baixo o concepto subvencionable de compostaxe comunitaria.

31. Pódense solicitar caldeiros domésticos de biorresiduos aireados polas dúas liñas? Que criterio se segue para imputar a unha ou outra liña?

Si, os caldeiros domésticos son un concepto subvencionable para as dúas liñas e, en función do proxecto que se queira implantar, así se fará constar nas solicitudes. Deberase cubrir a táboa que corresponda no Anexo I, segundo a liña á que se queira imputar o gasto.

Lembrar que se debe ter crédito para as dúas liñas para poder facer as solicitudes, unha para a liña 1 e outra para a liña 2.

32. En caso de optar por compostaxe in situ ou considerar que é o máis viable nun concello pequeno, ao ser unha subvención con fondos europeos como se vai a controlar que se estean utilizando eses composteiros?

As entidades beneficiarias das axudas concedidas teñen a obriga (art. 22) de cumprir co obxectivo, executar o proxecto, e realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións e, polo tanto, estas serían as responsables de comprobar que estes composteiros estean sendo utilizados. Por outra parte, o órgano concedente ten a posibilidade de realizar actuacións de comprobación material.

33. Bos días, quedoume a dúbida de se a subvención das liñas 1 e 2 son compatibles para realizar o compost in situ e a recollida de materia orgánica no contedor marrón.

A Liña 1 son actuacións destinadas a Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia) e a liña 2 son actuacións destinadas a Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ).

Unha entidade pode optar a ambas liñas sempre e cando cumpra cos requisitos marcados na orde. As entidades locais que concorran ás dúas liñas subvencionables

poderán distribuír a axuda económica total (liña 1 + liña 2) entre as dúas liñas da forma que mellor se adapte ás súas necesidades. Esta distribución debe quedar reflectida na solicitude inicial e non pode ser modificada nun momento posterior.

Así mesmo, as entidades que non cumpran os requisitos para optar a liña 2 poderán solicitar esta axuda no mesmo prazo establecido para o resto das entidades. No caso de que sobre crédito asignarase a estas entidades segundo a orden de entrada da solicitude.

34. No caso de optar pola compra de contedores para a recollida separada de grandes xeradores (liña 1), se aínda non está en funcionamento a planta de transferencia máis próxima, como se xustificaría a implantación do proxecto e o alcance real do mesmo na memoria xustificativa?

O compromiso adquirido para a implementación da recollida separada ou o tratamento "in situ" é independente da posta en marcha das novas infraestruturas de SOGAMA, polo tanto deberían buscar alternativas ao tratamento destes biorresiduos. Lembrámoslle que os concellos teñen a obrigaón de ter implementada a recollida separada ou o tratamento in situ, antes do 31 de decembro do 2023, de conformidade co previsto na normativa europea e na Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e chans contaminados de Galicia.

Non obstante o anterior, lémbrese que a previsión de SOGAMA e a posta en marcha das novas infraestruturas a finais de decembro de 2022.

35. Na orde de Axudas en Materia de Biorresiduos un dos conceptos subvencionables son as actuacións de formación. Como habería que meter os importes das actuacións de formación? Que se entende por investimento neste concepto?

- a) Os importes de actuacións de formación terían que cubrirse no Anexo I
- b) Entenderanse investimentos neste concepto os que se axusten ao fixado no artigo 3.1 a) e b) das bases reguladoras.

ANEXO I. RELACIÓN DE COCELLOS QUE CUMPREN OS REQUISITOS SINALADOS NO ARTIGO 2.1 E PODEN OBTEN ESTA SUBVENCIÓN.

LIÑA 1. PROXECTOS DE IMPLANTACIÓN, AMPLIACIÓN OU MELLORA DA RECOLLIDA SEPARADA DE BIORRESIDUOS DESTINADOS A INSTALACIÓNS ESPECÍFICAS DE TRATAMENTO BIOLÓXICO (COMPOSTAXE E/OU DIXESTIÓN ANAEROBIA).

Establecidos os ratios para a determinación da contía máxima da axuda, destinada a implantar a recollida separada en quinto contedor nos concellos da área de influencia do Plan Loxístico de Sogama, preséntase nas seguintes táboas a asignación da contía da axuda por concello, segundo a planta de compostaxe ou de transferencia que lle corresponda (área de influencia de 50 quilómetros), aplicando a minoración correspondente no caso de concellos que obtiveran subvencións ou axudas previas para a implantación da recollida selectiva de biorresiduos en quinto contedor.

Táboa 1. Contía da axuda aos concellos da área de influencia da planta de compostaxe de Cerceda, para a implantación da recollida de biorresiduos en quinto contedor.

PROVIN- CIA	CONCELLO	POB (2020)	ESTIMACIÓN AXUDA APLICANDO CON- TÍAS MÁXIMAS	IMPORTE DA AXUDA DE- TRAENDO SUBVENCIÓNS PERCIBIDAS PREVIAMENTE
A Coruña	Frades	2302	11.510 €	5.510 €
A Coruña	Mesía	2497	12.485 €	12.485 €
A Coruña	Trazo	3013	15.065 €	15.065 €
A Coruña	Tordoia	3259	16.295 €	10.295 €
A Coruña	Baña, A	3415	17.075 €	11.075 €
A Coruña	Val do Dubra	3851	19.255 €	19.255 €
A Coruña	Pino, O	4652	23.260 €	17.260 €
A Coruña	Cerceda	5008	45.024 €	7.528 €
A Coruña	Oza-Cesuras	5096	45.288 €	45.288 €
A Coruña	Coristanco	5950	47.850 €	35.850 €
A Coruña	Negreira	6788	50.364 €	50.364 €
A Coruña	Oroso	7533	52.599 €	46.599 €
A Coruña	Santa Comba	9362	58.086 €	-
A Coruña	Laracha, A	11406	64.218 €	-
A Coruña	Ordes	12625	67.875 €	43.875 €
A Coruña	Carballo	31429	92.858 €	40.637 €
A Coruña	Arteixo	32738	95.476 €	-
A Coruña	Santiago de Compos-	97848	255.696 €	125.928 €

	tela			
TOTAL	18	248.772	990.279 €	487.014 €

Táboa 2. Contía da axuda aos concellos da área de influencia da **planta de compostaxe de Cervo**, para a implantación da recollida de biorresiduos en quinto contedor.

PROVIN- CIA	CONCELLO	POB (2020)	ESTIMACIÓN AXUDA APLICANDO CON- TÍAS MÁXIMAS	IMPORTE DA AXUDA DE- TRAENDO SUBVENCIÓNS PERCIBIDAS PREVIAMEN- TE
Lugo	Muras	619	3.095 €	3.095 €
Lugo	Ouro	995	4.975 €	4.975 €
A Coruña	Mañón	1319	6.595 €	6.595 €
Lugo	Vicedo, O	1656	8.280 €	8.280 €
Lugo	Alfoz	1659	8.295 €	8.295 €
Lugo	Valadouro, O	1978	9.890 €	9.890 €
Lugo	Lourenzá	2139	10.695 €	10.695 €
Lugo	Barreiros	2925	14.625 €	6.225 €
Lugo	Xove	3277	16.385 €	16.385 €
Lugo	Mondoñedo	3539	17.695 €	11.695 €
Lugo	Cervo	4218	21.090 €	21.090 €
Lugo	Burela	9498	58.494 €	58.494 €
Lugo	Ribadeo	9860	59.580 €	59.580 €
Lugo	Foz	10016	60.048 €	60.048 €
Lugo	Viveiro	15391	76.173 €	76.173 €
TOTAL	15	69.089	375.915 €	361.515 €

Táboa 3. Contía da axuda aos concellos da área de influencia da **planta de compostaxe de Verín**, para a implantación da recollida de biorresiduos en quinto contedor.

PROVIN- CIA	CONCELLO	POB (2020)	ESTIMACIÓN AXUDA APLICANDO CONTÍAS MÁXIMAS	IMPORTE DA AXUDA DE- TRAENDO SUBVENCIÓNS PERCIBIDAS PREVIA- MENTE
Ourense	Baltar	942	4.710 €	4.710 €
Ourense	Blancos, Os	755	3.775 €	3.775 €
Ourense	Calvos de Randín	735	3.675 €	3.675 €
Ourense	Castrelo do Val	958	4.790 €	4.790 €
Ourense	Cualedro	1668	8.340 €	8.340 €
Ourense	Gudiña, A	1236	6.180 €	6.180 €
Ourense	Laza	1223	6.115 €	6.115 €

Ourense	Mezquita, A	1013	5.065 €	5.065 €
Ourense	Monterrei	2520	12.600 €	12.600 €
Ourense	Oímbra	1720	8.600 €	8.600 €
Ourense	Porqueira	823	4.115 €	4.115 €
Ourense	Rairiz de Veiga	1228	6.140 €	6.140 €
Ourense	Ríós	1461	7.305 €	7.305 €
Ourense	Sandiás	1198	5.990 €	5.990 €
Ourense	Sarreaus	1145	5.725 €	5.725 €
Ourense	Trasmiras	1263	6.315 €	6.315 €
Ourense	Verín	13647	70.941 €	70.941 €
Ourense	Vilar de Barrio	1283	6.415 €	6.415 €
Ourense	Vilar de Santos	794	3.970 €	3.970 €
